

PLAN DE ACOLLIDA – CURSO 2021-2022

PRINCIPALES MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO NAS ENTRADAS E SAÍDAS

A PARTIR DAS INSTRUCCIÓNS DO PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

PARA O CURSO 2021-2022



CURSOS 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

XOVES DÍA 9 DE SETEMBRO:

4º de Ed. Infantil (**3 anos**). Incorporarase en dúas quendas: 1ª quenda: 12:00 h – 12:45 h
2ª quenda: 13:00 h – 13:45 h
5º e 6º de Ed. Infantil (**4 e 5 anos**). Horario 12:00 h – 13:45 h

VENRES DÍA 10 DE SETEMBRO:

4º de Ed. Infantil (**3 anos**). Incorporarase en dúas quendas: 1ª quenda: 09:10 h – 11:10 h
2ª quenda: 11:30 h – 13:30 h
5º e 6º de Ed. Infantil (**4 e 5 anos**). Horario habitual: 09:10 h – 13:45 h

O RESTO DO CURSO O HORARIO PARA OS TRES GRUPOS SERÁ DE 09:10 h a 13:45 h

REGULACIÓN DE CIRCULACIÓNS E DE ENTRADAS E SAÍDAS

A **entrada** será SEMPRE polo calexón e só poderá acompañar ao alumno/a **un** dos proxenitores ou adulto responsable, sempre coa máscara posta e respectando a distancia de seguridade co resto dos demais cativos e os seus acompañantes, ata a “porta branca”, onde o meniño /a será recibido por unha das profesoras de Ed. Infantil.

APARTADO 11.3. DO PROTOCOLO DA CONSELLERÍA, CURSO 2021-2022

“No nivel de ensino infantil o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada á aula. Os acompañantes deberán usar máscara.”

A **saída** será tamén SEMPRE polo calexón.

Primeiro sairán os nenos e nenas que non se queden ao comedor, e serán recollidos por un único familiar na “porta branca”.

A continuación sairán os cativos/as que fagan uso do servizo do comedor, acompañados polas súas titoras ata a sa onde Comerán, respectando a súa condición de grupo estable sen mesturarse co resto dos alumnos doutras etapas educativas.

SÓ PARA ALUMNADO QUE FAGA USO DO SERVIZO DO COMEDOR:

Despois de comer e durante o mes de setembro, estes alumnos deberán ser recollidos na porta corredeira por un único familiar ás 15:15 h

A partir de outubro, co comezo do o servizo de garda e extraescolares, a hora de recollida será na porta corredeira por un único familiar, segundo:

- Se non teñen actividades extraescolares ou non quedan na garda: **15:15 h**
- Se quedan só á primeira hora da garda: **16:30 h**
- Se quedan ás dúas horas de garda, ou teñen extraescolar a primeira e garda a segunda: **17:30 h**

É MOI IMPORTANTE QUE SEXADES MOI PUNTUAIS NA RECOLLIDA DOS CATIVOS/AS

SE EXCEPCIONALMENTE ALGÚN DÍA NON PODEDES CHEGAR A TEMPO NA RECOLLIDA DEBEREDES AVISAR TELEFÓNICAMENTE AO TITOR/A DO VOSO FILLO/A ,

(Facilitarémovos os números de teléfono para tal fin).

A recollida do alumnado de extraescolares será regulada polos monitores das distintas actividades. Estas comezarán en outubro, polo que vos informaremos máis adiante.

IMPORTANTE:

MEDIDAS DIARIAS PREVIAS Á INCORPORACIÓN AO CENTRO EDUCATIVO

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha avaliación dos síntomas de forma diaria, **que deberá realizarse cada mañá antes da chegada ao centro**, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.

Estes síntomas son:

- Respiratorios : febre maior de 37,5°C , tose seca, dificultade respiratoria.
- Outros síntomas: fatiga severa (cansazo), dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, diarrea.
- Se conviviu nos últimos 10 días cunha persoa Covid-19 + confirmado.

De presentar calquera destes síntomas, os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase, solicitarán consulta co seu médico ou pediatra e comunicarán a súa ausencia ao colexio.